

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6841** *Real decreto 473/2015, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel.*

O Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel, recolle os requisitos establecidos pola Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ao mel.

A Directiva 2014/63/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se modifica a Directiva 2001/110/CE relativa ao mel, modifica requisitos que se deben incorporar á normativa nacional. En concreto, modifica a etiquetaxe do mel que proceda de máis dun Estado membro ou dun terceiro país, xa que, coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa, a Unión Europea substituíu e sucedeu a Comunidade Europea. Tamén precisa que o pole, ao ser un compoñente natural específico do mel, non se debe considerar un ingrediente deste.

A incorporación total da Directiva 2014/63/UE ao ordenamento xurídico español constitúe o obxecto deste real decreto que modifica a norma de calidade relativa ao mel, aprobada polo Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto.

Por outra parte, tras a entrada en vigor do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión, as referencias feitas ao Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, deberanse entender referidas ao citado regulamento.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel.*

O artigo único do Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a Norma de calidade relativa ao mel, queda modificado como segue:

Un. O número 4.4 da Norma de calidade relativa ao mel substitúese polo texto seguinte:

«4.4 Sen prexuízo do disposto no número 3.2.2 f), relativo ao mel filtrado, non se poderá retirar do mel o pole nin ningún outro dos seus compoñentes específicos, excepto cando resulte inevitable no proceso de eliminación de materia orgánica ou inorgánica allea a el.»

Dous. O número 5.1.4 da Norma de calidade relativa ao mel queda redactado nos seguintes termos:

«5.1.4 Deberanse mencionar na etiqueta o país ou os países de orixe en que o mel fose recollido.

Non obstante, no caso de mesturas, se os meles son orixinarios de máis dun Estado membro ou terceiro país, esta mención poderase substituír por unha das seguintes, segundo proceda:

- 1.º “mestura de meles orixinarios da UE”.
- 2.º “mestura de meles non orixinarios da UE”.
- 3.º “mestura de meles orixinarios e non orixinarios da UE”.

Tres. Ao número 5 engádeselle o punto seguinte:

«5.3 Dado que o pole é un compoñente natural específico do mel, nos produtos definidos no número 3 non se considerará un ingrediente no sentido do artigo 2, número 2, letra f), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión.»

**Disposición adicional única.** *Control do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos do persoal.

**Disposición transitoria única.** *Comercialización de existencias de produtos.*

Os produtos comercializados ou etiquetados antes do 24 de xuño de 2015, de conformidade co Real decreto 1049/2003, do 1 de agosto, poderanse seguir comercializando ata que se esgoten as existencias.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español, na súa totalidade, a Directiva 2014/63/UE, do 15 de maio de 2014, que modifica a Directiva 2001/110/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ao mel.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN